

Os deterxentes están constituídos por unha mestura de moitas sustancias químicas. A principal, o axente tensioactivo que facilita que a auga molle mellor os tecidos. Isto que en principio parece estraño enténdese facilmente se un pensa nunha mestura de aceite e auga e en como son inmiscibles entre si. Se engadimos unhas pingas de deterxente ou de xabón e axitamos observaremos como se forma unha emulsión onde o aceite queda atrapado en forma de gotiñas na auga. Pois iso mesmo é o papel que desempeña un deterxente. A sucidade adhírese á superficie da roupa e os obxectos por medio dunha película graxa que á auga lle custaría moito disolver e arranxar a non ser pola inestimable colaboración do deterxente.

E xunto ao axente tensioactivo, nos deterxentes aparecen toda unha colección de outros compostos químicos que desempeñan tarefas do máis diverso. Como os polifosfatos, que abrandan a auga e permiten lavar en augas duras, sustancias fluorescentes, que absorben a luz ultravioleta e emiten luz visible azul e que contrarrestan a tendencia natural da roupa a poñerse amarela; ou a carboximetilcelulosa, que é absorbida polos tecidos e impide por repulsión eléctrica que o po se pegue a eles.